

**DISCURSO DE INVESTIDURA DO CANDIDATO Á  
PRESIDENCIA DA XUNTA,  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

Señora Presidenta, Señoras e Señores Deputados:

Comparezo nesta Cámara para dar cumprimento ao Estatuto de Autonomía de Galicia: para **expoñerlle** á Cámara que representa ao pobo galego **o programa** que, no caso de ser apoiado pola maioría das súas señorías, **terei a honra e a responsabilidade de desenvolver desde a Presidencia da Xunta.**

**Comparezo**, pois, ante vostedes unicamente na miña **condición de deputado** e como **candidato á Presidencia da Xunta**, e co **mandato de presentarles o programa político** que, no caso de obter a súa **confianza**, impulsarei desde tan alta maxistratura. **Confianza**, por tanto, **que se solicita para un programa de goberno**, pero **tamén para a persoa que hoxe se presenta como único candidato a presidir a Xunta de Galicia.**

Chego a este momento, **o máis importante da miña vida**, co respaldo democrático de oitocentos mil galegas e galegos (789.427 exactamente): un cuantioso depósito de confianza, que eu, no nome do grupo parlamentario popular, agradezo; pero que supón para quen lles fala unha enorme responsabilidade: **a de dar cumprimento aos compromisos presentados á sociedade na pasada campaña electoral.**

Porque, e creo que elo é tamén un síntoma de normalidade democrática, **hoxe comparezo** ante o Parlamento de Galicia **para reafirmar os compromisos adquiridos co pobo galego**, cos centos de miles que nos votaron, **de diferente procedencia xeográfica**, de **idades distintas**, de **profesións variadas**, do **medio rural e da Galicia urbana**, **falantes de calquera dos dous idiomas oficiais do país**, **xentes**, como diría o mestre **Alvaro Cunqueiro**, de “**AQUÍ E DE ACOLÁ**”; pero todos eles homes e mulleres que profesan un amor natural pola súa Terra; e que esperan de nós que cumpramos coa palabra dada.

O Partido Popular de Galicia **concurriu** ás pasadas eleccións autonómicas **entendendo** que a **democracia** non é outra cousa que un **contrato** entre a cidadanía e o gobernante, que se **asina nas urnas** e que se **cumpre** despois na acción cotiá de goberno.

Nese contrato, que eu mesmo subscribíñ publicamente, **ofertámoslle á sociedade galega unha forma concreta de gobernar para superar as crises** que, a noso xuízo, Galicia padece.

Un xeito de gobernar para unha sociedade plural baseado en **cinco grandes compromisos** que, se me o permiten, ían máis aló do meramente **político**, ao tratarse de compromisos de índole **ética**, e que hoxe quero, novamente, reiterar; como mostra dos **principios que, inspirarán a acción política do goberno**:

**En primeiro lugar**, a vontade de abordar a superación do momento crítico que a nosa sociedade sofre, como consecuencia principal pero non exclusiva da situación económica, **PROPICIANDO A UNIÓN DOS ESFORZOS DE TODOS OS GALEGOS EN TORNO A UNHA IDEA CONXUNTA E COMPARTIDA DO PAÍS QUE QUEREMOS**.

O Partido ao que pertenzo defínese, ideoloxicamente, como un **partido reformista**. Pensamos que as **sociedades** que **máis progresan** son aquelas que **respectan** todo o que **de bo ten a herdanza recibida**; para desde aí introducir os cambios que contribúan a continuar progresando e avanzando. Que só **as sociedades que son capaces de acadar grandes e amplos acordos** sobre as súas prioridades de acción política son **capaces de superar os retos e dificultades conxunturais** e acadar maiores niveis de benestar para todos os seus membros.

Porque **nós non vimos a restaurar ningún pasado, nin a derrubar o que fixeron ben os nosos antecesores**. Representamos, e aspiramos a continuar representando con lealdade, a **Galicia nova** que, **sen rancores nin dogmas**, se sinte peregrina polos camiños de historia e quere ser protagonista da etapa que lle toca vivir.

O que hoxe somos é a consecuencia dun longo proceso de rexurdimento democrático, que foi posible gracias a persoeiros coñecidos, e sobre todo a un pobo feito de xentes anónimas. E a nosa aspiración non é outra que coller o relevo, andar o treito que nos marque os galegos e as galegas, e entregalo cando corresponda a quen nos suceda coa tranquilidade que da o deber cumprido.

Por iso, **en segundo lugar**, propuxémoslle á sociedade galega **un goberno cun PROGRAMA DE ACCIÓN QUE SUPERASE OS ESTÉRILES ANTAGONISMOS E DISENSIÓNS IDEOLÓXICAS**. As ideoloxías, por moi lexítimos que sexan os ideais que representan, non poden constituírse en murallas insalvables para o entendemento dunha sociedade que comparte valores e que ten problemas compartidos que resolver.

**Un goberno que non partise da contraposición excluínte do público co privado;** porque tanto o sector público como o sector privado da sociedade teñen un importante papel que xogar na construción do país con futuro que a maioría desexamos.

**Un goberno que créese verdadeiramente na capacidade transformadora do sector público,** e que por iso contribuíse a súa dignificación e lexitimación.

Pero tamén **un goberno que confíe no potencial creador das persoas,** de todos e cada un dos galegos e galegas dotados de un especialísimo potencial emprendedor e creador, como a historia pasada e recente ben demostran.

**En terceiro lugar** propuxémoslle aos galegos, e hoxe renovo este compromiso, **UN GOBERNO QUE TRABALLASE POLA COHESIÓN SOCIAL.**

As sociedades modernas, e Galicia xa o é, sofren múltiples embates que propician a disgregación social

Traballaremos a reo para dar cumprimento non só a un imperativo legal senón, sobre todo, a unha obriga ética: **AVANZAR CARA A UNHA SOCIEDADE NA QUE A IGUALDADE ENTRE OS HOMES A AS MULLERES SEXA REALIDADE.**

Por iso, o goberno que ei de presidir traballará sen descanso na **procura da cohesión interxeneracional.** Galicia é o que é, e cada un de nós somos o que somos, grazas ao **traballo** e ao **esforzo dos nosos maiores, sobre todo os que máis o precisan como os que sofren situacións de dependencia.**

Pero, por suposto que estamos obrigados a envorcarnos **na educación e no benestar da nosa infancia,** porque da súa preparación e da súa educación en todos os ordes da vida dependerá que saiban e poidan darlle continuidade histórica a gran obra que é Galicia, o noso país.

Galicia precisa dun goberno que **recoñeza** a substancial complementariedade das nosas **ciudades, vilas, e aldeas; do urbano e do rural;** que actúe **superando** a cortedade de miras dos **localismos estériles,** e que atenda **aos intereses de todos, vivan onde vivan, pensen o que pensen, sexan da idade que sexan, sexan homes, ou mulleres.**

**En cuarto lugar**, propuxémoslle aos galegos, e hoxe renovo este compromiso, **UN GOBERNO QUE TRABALLE POR RECUPERAR, TANTO NO PÚBLICO COMO NO PRIVADO, O SENSO AUTÉNTICO DO DEREITO E ÁS LEIS.**

As normas xurídicas, nun Estado democrático e social de dereito, son a mellor garantía da convivencia en paz, da estabilidade política e social, e do progreso.

No seu senso máis profundo, as normas son o gran capital social compartido que garante a vixencia dos grandes principios que fundamentan o noso sistema político e social: **a liberdade, a igualdade, e a solidariedade.**

O Goberno que eu ei de presidir **respectará as leis.**

- Regulará e cumprirá con transparencia todos os procedementos de **contratación**; de **selección** de persoal; ou de acceso ás **subvencións** públicas.
- Traballará, porque a sociedade así no lo esixe, para que termos como **“sectarismo”, “caciquismo”, “enchufismo”** ou **“partidismo”** só teñan significado entre nós para referirnos ao pasado.
- Pero tamén traballará para que todos os cidadáns, en particular os máis novos, se eduquen no **respecto ás normas**; nos valores do **respecto aos demais**, no **respecto á auctoritas dos seus pais** na casa, **dos seus mestres** nas escolas, **dos profesores** nos institutos, ou **dos axentes de tráfico** nunhas estradas que se cobran unha mortífera peaxe entre a nosa xuventude, como tan tristemente está de actualidade.

A nosa sociedade ten que recuperar a parcialmente esquecida cultura do traballo ben feito, do esforzo e da responsabilidade, do respecto ás normas que regulan a nosa convivencia. Porque sen respecto ás normas democraticamente aprobadas a **convivencia, a paisaxe, e o medioambiente** se deterioran; moitas veces irreversiblemente.

**En quinto lugar**, señorías, propuxémoslle aos galegos, e hoxe renovo o noso compromiso nesta Cámara, a formación dun **GOBERNO FORTE, AUSTERO, E COHESIONADO EN TORNO A UN ÚNICO LIDERADO.**

Que o **Goberno traballe unido** baixo unha **única dirección** é unha **premisa básica** para o seu bo funcionamento. Sen unha Xunta cohesionada, estruturada con racionalidade, ben coordinada, e

liderada na procura dos obxectivos políticos comúns, non podemos sequera prantexarnos superar a crise.

**Un goberno austero**, non só porque ten que tomar exemplo das familias e das empresas galegas que afrontan a crise reaxustando as súas economías domésticas; senón porque ningún goberno pode exercer o liderado moral que a sociedade precisa en tempos de crise; un liderado que só se pode obter a través da exemplaridade dunhas políticas de aforro que afecten non só aos gastos máis superfluos, senón tamén á propia estrutura do aparello gobernamental.

O goberno **tamén será dialogante**. Non nos conformamos con gañar nesta Cámara as votacións porque a nosa ambición vai moito mais alá: queremos que Galicia saia con pulo da crise.

Este cometido require que a unidade esencial que o noso país practica nas rúas, nos lugares de traballo, nos centros de estudio, nos foros de convivencia, se reflicta tamén no plano institucional. **EMPEÑAREI TODO O MEU ESFORZO PARA QUE OS ACORDOS SEXAN POSIBLES**, e o mesmo espero dos grupos parlamentarios, e dos diferentes axentes sociais.

**En conclusión**, señorías, nós propuxémoslle aos galegos, e hoxe renovo o noso compromiso nesta Cámara:

- Un goberno que procurase a **unión** dos esforzos de **todos os galegos** en torno a unha idea conxunta e compartida do país.
- Un goberno que impulsase un **programa de acción que superase os estériles antagonismos** e disensións ideolóxicas.
- Un goberno que tivese como **obxectivo o mantemento da cohesión social**.
- Un goberno que traballe por recuperar, tanto no público como no privado, **o senso auténtico do Dereito e do respecto ás leis**.
- Un goberno **forte, austero, cohesionado e dialogante, unido en torno a un único liderado**.

E tal será o goberno que eu presida: **En síntese, UN GOBERNO EN PERMANENTE COALICIÓN COS CIDADÁNS DE GALICIA**

Sra. Presidenta, Señorías:

De obter o seu respaldo maioritario **liderarei un goberno de coalición con todos os cidadáns de Galicia**.

**Propoñome, señorías, liderar un goberno para todos, e non só para os que nos votaron;** porque estou convencido de que a inmensa maioría dos que nos votaron o fixeron porque querían que en Galicia houbera un Goberno para todos.

## A GALICIA QUE RECIBIMOS

Señoras e señores deputados: **cada unha** das sucesivas **etapas** vividas na **recente andaina democrática** de Galicia **tivo un gran referente. Húboas centradas no asentamento das institucións. Húboas adicadas ao desenvolvemento das estruturas e competenciais do autogoberno. Húboas, xa nos últimos tempos, para o pleno desenvolvemento de políticas públicas autonómicas. E non faltaron tampouco momentos nos que prevaleceu un desacougante clima político.**

Os Presidentes **Fernández Albor, González Laxe, Fraga Iribarne, e Pérez Touriño**, a quen aproveito para testemuñar o noso respecto pola súa entrega e o seu traballo, tiveron que afrontar, cada un deles, os retos concretos que lles marcaron as circunstancias do seu tempo.

Compre, polo tanto, e con carácter previo a que lles expoña cales van a ser as liñas mestras da acción do goberno, facer un **diagnóstico da situación da Galicia de hoxe**; dos principais problemas aos que o próximo Goberno terá que enfrontarse.

Quero facelo, na medida do posible, como un mero **relatorio da situación. Non se trata**, pois, de **valorar**, a situación; pois eso acaban de facelo os electores galegos. **Trátase**, simplemente, de **describila**.

**E quero facelo baixo unha premisa, que explico tomando prestada unha frase pronunciada polo escritor Vaclav Havel**, primeiro presidente democrático de Chequia, un país europeo que, coma España, sufriu tamén a súa longa noite de pedra. Nun discurso dirixido á súa nación, o ilustre intelectual dixo:

**“supoño que non me propuxeron para este cargo para que vos minta”.**

**Eu estou convencido de que os galegos queren un Presidente que non lles minta**, por moi piadosa que puidese resultar esa mentira.

**Só asumindo a realidade poderá Galicia comezar a percorrer o que vai ser duro camiño da recuperación da nosa economía.**

Señorías, poucas dúbidas habemos de ter sobre cal é o principal problema que afronta Galicia no presente: **a crise económica**; e, a **consecuencia dela, o incremento do desemprego.**

Detrás de cada cifra que incrementa as listas do paro hai un rostro humano, unha historia persoal e familiar que moitas veces roza a traxedia. E isto non o debemos esquecer nunca.

**.A taxa de paro española** (no 15,5% no pasado mes de febreiro) **xa duplica a taxa media da Unión Europea** (situada no 7,9%).

**Un dato que demostra que a crise ten unha compoñente específica e singular no mercado laboral español e galego; unha compoñente que provoca que as consecuencias da crise sexan moito máis graves entre nós que noutras zonas da Unión Europea.**

Por iso cómpre mirar de fronte ao que temos diante e, desde a responsabilidade, recoñecer que **a situación do paro en Galicia é moi grave, e que aínda pode ir a peor nos próximos meses.**

Segundo os rexistros dos servizos públicos de emprego a data 31 de marzo, **211.484 galegos e galegas se atopan en paro.**

Son **51.304 parados máis que en marzo de 2008.** É dicir, **só no último ano, o desemprego medrou en Galicia un 32%.**

Estes son os datos oficiais. Pero **esta cifra podería incrementarse ata os 230.450 parados** de terse en conta tamén a aquelas persoas que se atopan realizando **cursos de formación** ou ás **que fixan algunha condición específica** para aceptar un emprego.

E **non podemos esquecer** que deses 211.484 galegos en paro, **máis de 80.000 nin sequera cobran a prestación por desemprego**, unha cifra que seguirá incrementándose nos vindeiros meses, e que amosa a gravidade do problema non só desde o punto de vista económico senón tamén social.

Ademais, só nos tres primeiros meses do ano, **máis de 7.000 traballadores galegos se viron afectados por 292 expedientes de regulación de emprego (ERE)**, cunha especial incidencia no sector de automoción.

Pero con ser preocupantes estes datos, **o peor é que todos os indicadores apuntan a que a situación vai seguir agravándose nos próximos meses.**

Así, **o ritmo de destrucción de emprego**, lonxe de ralentizarse, **é cada vez máis alto**. En marzo, a **afiliación á Seguridade Social reduciuse en 47.595** persoas con respecto ao mesmo mes do ano pasado: un **4,4% menos**:

O Banco de España acaba de facer públicas as súas **previsións macroeconómicas para 2009 e 2010**, previsións que deixan pouca marxe ao optimismo: No que atinxe ao emprego, prevé unha **taxa de paro para España do 17,1% en 2009**, pero o dato é incluso peor para 2010, cando segundo as súas previsións se **acadará o 19,4%**. É dicir, segundo o Banco de España **o paro vai seguir medrando non só en 2009, senón tamén en 2010.**

Neste contexto, a **confianza dos empresarios** atopase en mínimos históricos. O índice de confianza empresarial que publica o IGE sitúase no seu nivel máis baixo desde que se publica este indicador: **-48,4**; 32 puntos menos que hai un ano, e 60 puntos menos que hai 2 anos.

**Só indo coa verdade por diante**, por moi dura que esta resulte, **podemos contribuir a xerar CONFIANZA** no goberno e nas institucións, algo que resulta imprescindible para afrontar a recuperación económica. O que toca agora é que os Gobernos, todos os Gobernos, recuperen a credibilidade e o rigor.

**E entre as causas da actual situación salientan, sobre as demais, as seguintes**

**1º.- O AFUNDIMIENTO DA CONSTRUCCIÓN RESIDENCIAL**, un dos principais motores da nosa economía.

**2º.- O DESPLOME DA DEMANDA INTERNA E, POLO TANTO, DO CONSUMO.**

**3º.- A esta situación súmase unha FORTÍSIMA CONTRACCIÓN DO CRÉDITO COMO CONSECUENCIA DA CRISE DO SECTOR FINANCEIRO INTERNACIONAL** que, aínda que aparentemente nos afecta en menor medida ca outros países, **está poñendo** en moi graves **dificultades ás familias**, aos **emprendedores**, ás **Pemes** e ao noso sector empresarial e productivo en xeral.

**4º.- As custosas medidas adoptadas polo goberno de España en apoio do sector financeiro non se teñen trasladado en contía significativa para facilitar crédito ás empresas.**

As **consecuencias desta situación** ben á vista están, porque o pesimismo e a desconfianza trasládanse inmediatamente á actividade económica:

- A **creación de empresas en Galicia tense reducido á metade no último ano**. É dicir: unha baixada do 55%.
- As **exportacións baixaron un 17% en xaneiro**, a maior baixada que se recorda desde mediados dos noventa.
- O **investimento estranxeiro en Galicia reduciuse en 2008 ao nivel máis baixo de toda a década, acadando unicamente os 22,5 M€**. Cifra que só representa o 0,08% do total do investimento estranxeiro en España.

**Estes son algúns dos datos que demostran que estamos diante da máis grave situación económica desde que Galicia iniciou a súa andaina autonómica; porque os seus efectos trasládanse por todos os sectores do noso tecido productivo.**

No **sector primario**, salienta a preocupante e grave situación que está a vivir o noso **SECTOR LÁCTEO**, unha crise que nos últimos días está chegando a niveis nunca antes coñecidos:

- **O baixo prezo do leite** está a dificultar enormemente a rendibilidade de moitas explotacións.
- Pero non é ese o único problema. Vimos recentemente cómo nalgúns explotacións (arredor do 15%) **nin sequera está garantida a recollida do leite**.

**É evidente que a problemática do sector lácteo** é moi complexa e ten causas diversas. Pero ninguén **dubida** que a **entrada masiva de leite foráneo** é unha das razóns que **máis inflúe nesta dramática situación**.

En boa parte é debido a, na nosa opinión, **negociación mal prantexada do Goberno de España** en Bruselas, que tanto beneficiou a países exportadores como Francia e Alemania e tanto prexudicou a España e moi especialmente a Galicia.

Pola súa banda, e como é ben coñecido, **O SECTOR PESQUEIRO** en Galicia está a vivir un dos seus peores momentos dos últimos 25 anos:

- Hai unha **caída xeneralizada dos prezos nas lonxas**;
- **Sufrimos unha entrada masiva de peixe foráneo.**
- Cada vez resulta **máis difícil atopar tripulacións cualificadas para enrolarse.**

Os datos que proveñen da **INDUSTRIA** resultan tanto ou máis **desalentadores.**

**A produción industrial en Galicia está nunha situación de caída** que se vén facendo **máis acusada desde o segundo semestre de 2008** e que **apunta a seguir agravándose nos vindeiros meses**, como reflicte o Índice de Producción Industrial (IPI) cunha baixada do 20% con respecto ao ano pasado (en xaneiro baixou un 21% e en febreiro un 19%).

**Terribles dificultades que en maior ou menor medida seguirán afectando aos distintos subsectores industriais: desde a pedra ata o téxtil, pasando pola madeira ou pola conserva.**

E, por suposto, que afectan tamén ao **sector da automoción.** E quixera aquí determe sequera uns segundos, por tratarse dun sector fundamental da nosa economía: a súa **facturación** representa o **17%** do noso PIB e **concentra o 34%** das **exportacións galegas.**

Da gravidade da situación do sector da automoción dan conta os datos coñecidos os últimos días, relativos á situación do sector en España:

- A **fabricación da vehículos** en xaneiro e febreiro deste ano **baixou un 50%** con respecto ao mesmo período do ano anterior.
- A **venda de vehículos** en España **baixou un 45'5%** nese mesmo período
- Somos, **despois de Irlanda, o país da UE no que máis baixan as vendas de automóviles**

Con este panorama é imprescindible o apoio da Administración Xeral do Estado. Nembargantes, a **actitude do Ministerio de Industria** no reparto das axudas do Plan de Competitividade está a ser **ilóxica e inxusta**: Galicia representa cerca do 20% da FABRICACIÓN de vehículos en España, pero só recibe o 11% do total das axudas estatais. ¿A que criterio responde este reparto?

É o caso do **Comercio**, e moi en particular do comercio polo miúdo (minorista). Os últimos datos oficiais (referidos a febreiro) apuntan a unha baixada das vendas do 7% no último ano, e o máis probable é que o consumo siga reducíndose.

E a isto cómpre engadirlle o xa sinalado incremento continuo da morosidade e a enorme dificultade dos autónomos e as PEME's para acceder a financiamento. Unha situación está poñendo contra as cordas a boa parte dos máis de 45.000 establecementos do noso pequeno e mediano comercio, que dan emprego a máis de 100.000 persoas.

Non son mellores as perspectivas do noso **sector Turístico**. Os datos oficiais son cada vez peores: en febreiro, o número de viaxeiros reduciuse un 15,1% con respecto ao ano anterior, e as pernoctacións baixaron un 16,3%. E nada indica que se vaia producir unha recuperación no curto prazo.

**Temos por diante**, en fin, a máis dura crise económica que se recorda na historia da nosa Autonomía: **unha crise que golpea con forza a todos os sectores productivos**, e que ten o seu máis específico e cruel resultado nun desemprego que non para de medrar.

Pero non é o único problema que o próximo goberno de Galicia terá que afrontar. Os cidadáns demandan, con máis intensidade se cabe na actual situación de crise, unha importante mellora dos **servizos públicos fundamentais**.

En primeiro lugar, da **SANIDADE**. Porque Galicia é unha das Comunidades Autónomas, e as enquisas así o constatan, na que a **sanidade pública é a peor avaliada polos seus usuarios**:

Segundo o último **Barómetro Sanitario do Ministerio**, a sanidade galega é **a peor valorada de toda España, só por diante de Canarias**. Segundo ese mesmo Barómetro, recentemente deito público, Galicia ten a maior porcentaxe de usuarios que afirman ter que esperar máis de 6 meses para acudir ao especialista (un 21%).

Todo isto **a pesares** da boa **calidade dos profesionais** do SERGAS, dos **esforzos** nos últimos anos dirixidos a **incrementar a dotación tecnolóxica** e, a pesares tamén da **boa situación da informatización dos centros sanitarios** en Galicia.

O caso da **DEPENDENCIA** é particularmente serio. **Todos entendemos no seu momento que a lei da dependencia era un instrumento moi necesario e por iso suscitou un gran consenso.**

**Esta lei que abriu a esperanza de moitas persoas**, entre elas de máis de 90.000 galegos, pero acabou converténdose na Lei da decepción.

Hoxe hai miles de galegos con dereito recoñecido á prestación, que non cobraron nin un só euro. Son persoas dependentes, a maioría cunha dependencia severa, que tiñan moitas esperanzas nesa lei, pero agora están frustrados e, sobre todo, séntense decepcionados. **Compre dar unha rápida e eficaz resposta.**

No ámbito da **EDUCACIÓN** son **moitos os retos** que a situación actual pon enriba da mesa, pero quero **referirme alomenos a 3** deles:

- A **CALIDADE** na **EDUCACIÓN**, que nos últimos anos experimentou un retroceso en comparación coas outras **CC.AA.** Galicia pasou de ser a 3ª C.A. con menor taxa de fracaso escolar a ocupar o 6º lugar. Ademais, só en 2 anos perdemos 1,4 puntos na taxa de graduados en secundaria.
- A **FORMACIÓN PROFESIONAL**, que ten que xogar un papel fundamental na recuperación da nosa Economía. **Nos últimos 4 anos perdéronse 13.600 alumnos en FP.**
- A integración no **ESPAZO EUROPEO** de **EDUCACIÓN SUPERIOR.** Ás dificultades que está a xerar a implantación do chamado “**Plan BOLONIA**” únense tamén os problemas de financiamento que teñen que afrontar as **3 Universidades galegas.**

**Non quero rematar** esta parte da miña intervención **sen referirme** unha **cuestión** que resulta **imprescindible** mencionar para **completar** este conciso **diagnóstico da situación actual** de Galicia: **a situación dun dos nosos sinais de identidade como pobo: A LINGUA GALEGA**, instrumento para a nosa comunicación e para a expresión do noso talento.

**Durante moitos anos, as cuestións lingüísticas non suscitaron ningún problema** para os galegos e as galegas. A convivencia pacífica e tranquila entre galego e castelán, entre castelán e galego, era un exemplo do noso carácter integrador.

Pero **lamentablemente hoxe existe na sociedade galega unha forte preocupación** que nos ten que facer reflexionar. Porque os galegos non

podemos permitirnos que unha das nosas principais referencias identitarias se acabe convertendo nun instrumento para a división social.

A inmensa maioría da nosa sociedade **rexeita de plano as imposicións e os maximalismos lingüísticos e simplemente demanda poder exercer os seus dereitos en liberdade.**

Nesta pasada lexislatura houbo movementos desde o Goberno que **abrían a porta á imposición do galego no ensino**, como o Decreto (que foi aprobado incluso co informe contrario do Consello Consultivo de Galicia) ou a iniciativa de converter as escolas infantís en “GALESCOLAS”.

Pero a sociedade respondeu con moita claridade nas URNAS reiterando a súa aposta pola convivencia pacífica e polo bilingüismo cordial.

Enfrontámonos a un reto, o da normalización lingüística, que é hoxe quizais máis difícil de resolver que nos primeiros tempos da Autonomía: o de **recuperar o consenso, o de trasladar ás aulas a cordialidade lingüística** que sempre existiu en Galicia, e que afortunadamente aínda é maioritaria na nosa sociedade.

## PROGRAMÁTICA

### I: INTRODUCCIÓN

Señorías, a **tarefa** que temos por diante nesta lexislatura é **impresionante; máis apaixonante, porque se trata de servir a Galicia nun momento crítico e transcendente da súa historia.**

**Unha tarefa** que, alomenos nas súas grandes políticas de actuación, **require que todos asumamos** o que o ilustre filólogo e pedagogo Couceiro Freijomil deixou escrito no seu ensaio histórico “La bandera de Galicia”:

**“Galicia no pertence a ningún partido ni grupo. Ella debe ser un fin, nunca un medio. Por encima de todas las discrepancias y aspiraciones, es menester que permanezca el santo nombre de Galicia uniendo estrechamente, sin distinguos, a cuantos en ella tuvimos la suerte de nacer, para colaborar estrechamente en la grandeza de su futuro”.**  
(Ourense, 1929, pax, 6)

Por iso **quero deixar claro**, e por tanto permítanme reiteralo, que no que se refire ás grandes apostas e decisións estratéxicas pretendo

convocar a todos ao diálogo: aos grupos da **oposición**, aos representantes dos **traballadores** e dos **empresarios**, ás **institucións** que desempeñan, cada unha no seu sector, a **representación** dos intereses e do sentir da sociedade galega.

O **diálogo**, e sempre que sexa posible, o **Acordo**, **serán o instrumento esencial** co que desenvolveremos as nosas propostas programáticas.

Unhas propostas que, de seguido, lles paso a expor, estruturadas en tres bloques: a **Economía**, o **Benestar**, e o **Autogoberno**.

## **II.- A Economía**

### **II.1.- INTRODUCCIÓN: OS INSTRUMENTOS DA AUTONOMÍA PARA HACER FRONTE Á CRISE**

Como dixen hai uns momentos, a **situación económica que estamos a atravesar é o principal problema que ten hoxe Galicia**, e como tal a primeira das prioridades do goberno será traballar neste eido.

**É certo** que hoxe, en plena globalización económica, **nin sequera os paraugas dos vellos estados son capaces de cubrir á moitos cidadáns**

**E certo** que ante a acelerada internacionalización da economía mundial **moitas institucións foron sobrepasadas polos feitos**, poñendo negro sobre branco a necesidade da súa reforma.

**É certo** que, moitos dos instrumentos tradicionais de política económica, como a **política monetaria e a comercial**, **son exercidos polas autoridades comunitarias**; e tamén é certo que as Comunidades Autónomas, a pesares de ser España un dos estados máis descentralizados do mundo, **apenas dispoñen de capacidade de actuación a través deses instrumentos tradicionais de política económica**.

Pero sendo certo todo o anterior, **tamén é certo que Galicia ten a obriga de intentar diminuír os efectos da crise coas ferramentas do Autogoberno partindo, eso si, de que estas son certamente limitadas**.

Entre estas ferramentas do Autogoberno, compre mencionar: a **política de gasto**, na súa dobre compoñente inversora e social; certo marxe de actuación na **política de ingresos**, tanto impositivos como a través do

endebedamento; a **política regulatoria**; a **política de investimentos** en capital humano (educación) e en investigación; **as políticas activas de emprego**; e **as políticas de fomento, promoción empresarial e apoio ás empresas e aos emprendedores**.

Instrumentos cos que, en coordinación con outras instancias, como o Estado e a Unión Europea, servirán para **poñer en marcha as dúas actuacións económicas fundamentais que o goberno impulsará**:

- **Impulsar a posta en marcha efectiva DUN PLAN ESTRATÉXICO DA ECONOMÍA GALEGA PARA A LEXISLATURA**, que teña efectos a medio e longo prazo.
- Preparar un **PLAN DE CHOQUE** con carácter inmediato, que, incardinado no anterior, **contribúa a paliar a actual crise a curto prazo**

## **II.2.- PLAN ESTRATÉXICO DA ECONOMÍA GALEGA PARA A LEXISLATURA: OS CINCO EIXOS DO PROGRAMA**

O PLAN ESTRATÉXICO DA ECONOMÍA GALEGA PARA A LEXISLATURA **implica abordar cinco grandes eixos de actuacións**, que a continuación exporei sinteticamente:

- 1) O impulso de **políticas dirixidas a incrementar a competitividade e a apertura da nosa economía**.
- 2) O impulso das **infraestructuras de transporte** dirixidas a mellorar á vez a mobilidade das persoas, e o acceso das mercancías aos mercados exteriores.
- 3) O impulso dunha **política de ordenación do territorio que contribúa a poñer en valor o noso medio ambiente**
- 4) O impulso de **políticas sectoriais específicas para todos os nosos sectores productivos**, incardinadas no proxecto de modernización do conxunto da economía galega.
- 5) O impulso de **reformas no sector público autonómico**, coa finalidade de mellorar a súa eficacia e eficiencia.

### **1. POLÍTICAS DIRIXIDAS A INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE E A APERTURA DA NOSA ECONOMÍA**

O **proceso de irreversible globalización** que caracteriza a economía mundial dos nosos días, coa incorporación de novos actores de dimensión continental (China, India...), **fai que os galegos non podamos competir**, como en ocasións fixemos no pasado, **ofertando**

**recursos naturais** sen valor engadido ou custos e **salarios máis baixos**.

O que hai que facer é centrarse na **mellora da calidade e nos incrementos da produtividade**.

**Este é o camiño emprendido con éxito no ámbito doutras rexións de Europa**; e que outras Comunidades Autónomas, como Cataluña ou o País Vasco, xa teñen iniciado.

Dixen ao comezo da miña intervención que nós non **víñamos a derrubar o que de bo e aproveitable recibísemos en herdanza**. Por iso, **consideramos** que o **Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011**, asinado en xullo do pasado ano pola Xunta e os representantes sindicais e empresariais, **pode constituír un aceptable punto de partida**.

**O Acordo**, que no seu día valoramos positivamente, pese a non ser tidos en conta para a súa elaboración, **require**, antes que nada, a **formalización de obxectivos concretos**, e de **compromisos firmes por parte da administración**.

Por iso, **comprométome a convocar aos axentes sociais** para, en base ao Acordo pola Competitividade de Galicia 2008-2011, **elaborar, dentro dos primeiros cen días de goberno, un PROGRAMA ESTRATÉXICO** con compromisos de gasto e de modificacións normativas que contribúa a facer efectivos os obxectivos alí marcados.

Ditas actuacións, na opinión de quen lles fala, deben incluír os seguintes cinco ámbitos de actuación:

- 1A) O fomento da competitividade da economía galega**
- 1B) Unha priorización dos sectores estratéxicos da economía galega.**
- 1C) O fomento da internacionalización das nosas empresas.**
- 1D) O fomento do emprego, e da actividade emprendedora; e**
- 1E) A utilización activa dos instrumentos autonómicos de política tributaria.**

**1A) Para fomentar a competitividade da economía galega, o goberno traballará nas seguintes cinco áreas**, que a continuación explicarei brevemente:

- 1.- Na promoción do **desenvolvemento tecnolóxico de Galicia**.

- 2.- No fomento do uso das tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).
- 3.- No fomento da calidade dos produtos de orixe galega.
- 4.- En facilitar e racionalizar o financiamento das empresas.
- 5.- En políticas máis activas de defensa da competencia nos mercados interiores.

### 1.- Creación de empresas de base tecnolóxica:

Para a promoción do desenvolvemento tecnolóxico de Galicia mediante a creación de empresas de base tecnolóxica proporemos a **creación dunha AXENCIA INDEPENDENTE que coordine a todos os actores implicados**: investigadores, promotores, inversores e as entidades públicas que realizan actividades de I+D+I en Galicia; **que actúe en coordinación cun Igape renovado que concentre os recursos autonómicos dedicados ao fomento empresarial.**

**2.- Fomento do uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.** É un dos principais motivos polos que Galicia non é aínda competitiva no mundo globalizado polo gran atraso que ten, en relación co **uso das Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TICs).**

A desaparición da “fenda dixital” coas sociedades máis desenvolvidas é un **obxectivo prioritario do programa de goberno**, e para elo elaboraremos un **Plan estratéxico tecnolóxico, que defina a estratexia global da Xunta de Galicia en materia TICs**; tanto na propia dimensión organizativa interna da administración, como no establecemento de medidas que faciliten a incorporación de toda a sociedade galega á sociedade dixital

### 3.- Fomento da calidade dos produtos de orixe galega.

As políticas de fomento da calidade teñen, hoxe en día, dúas dimensións de igual transcendencia:

- A calidade referida aos **productos ou servizos**
- A calidade referida ás **propias empresas** que fabrican os produtos ou prestan os servizos.

No pasado chegamos a facer da marca “**Galicia Calidade**” unha referencia da excelencia dos produtos galegos. Co paso do tempo, esa marca, asociada á imaxe do conxunto de Galicia, **precisa dun reposicionamento** que mostre de novo a realidade dunha Galicia dinámica, con empresas que triúnfan nos mercados mundiais.

#### **4.- Facilitar e racionalizar o financiamento das empresas.**

Actualmente, **os instrumentos de fomento financeiro da Xunta caracterízanse pola súa dispersión**; o que reviste unha particular importancia cando, segundo informacións recentes, en torno a 4.000 empresas galegas están á espera do respaldo do actual IGAPE para acceder ao creto.

Procederemos a **concentrar nun Igape renovado a xestión e coordinación de todas as axudas vencelladas ao desenvolvemento empresarial de Galicia.**

Non podemos deixar de falar das cuestións relacionadas co problema do financiamento das empresas sen **facer dúas referencias adicionais.**

En primeiro lugar, en relación cunha das pezas esenciais do sistema financeiro na Comunidade Autónoma: **As Caixas de Aforro.**

Os feitos recentes no mercado de servizos financeiros españois debería ser suficiente vacina para quen propugnan unha maior presenza de representantes políticos nos órganos de dirección das caixas

Corresponde reforzar, **vía reforma da lei de Caixas, a súa independencia e a súa profesionalidade.** E corresponde, tamén, **reforzar o seu compromiso co país**, en especial o desenvolvido a través da súa **obra social en tempos de crise**; pero tamén no que se refire ao seu **tradicional compromiso cos proxectos empresariais galegos.**

En segundo lugar, en relación coa **protección dos consumidores galegos de servizos financeiros**, un campo no que os consumidores se atopan particularmente indefensos.

O Goberno **dedicará unha especial atención ás familias de Galicia e ao problema do sobreendebedamento e** urxirá do Goberno central a elaboración dunha lei sobre endebedamento específica para as familias que modifique a actual Lei concursal

#### **5.- Política de defensa da competencia nos mercados interiores.**

**Implantaremos unha política activa de defensa da competencia** para garantir a protección dos pequenos competidores. Farémolo mediante unha **reforma da Lei de creación dos ÓRGANOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**, de xeito que a actual estrutura dual (Servizo Galego dependente da Consellería/Tribunal

independente), sexa substituída (na liña da Lei de Defensa da Competencia do Estado) **por un único órgano independente para a defensa da competencia.**

### **1B) Fomento dos sectores estratéxicos da economía galega:**

**A estratexia de desenvolvemento económico debe basearse na especialización.**

- Compre, para elo, **definir os sectores nos que se priorizarán os esforzos públicos e privados de especialización** Orientativa e preliminarmente, consideramos estes doce sectores estratéxicos:
  - 1- a **automoción**;
  - 2- o **sector naval**;
  - 3- a **madeira** e a súa transformación;
  - 4- o **mar** e os produtos transformados;
  - 5- o **téxtil**;
  - 6- as **Tecnoloxías da Información e a Comunicación**;
  - 7- o **Turismo**;
  - 8.- a **Construcción**;
  - 9- a **loxística mar-terra**;
  - 10- as **pedras ornamentais**;
  - 11- a **enerxía**;
  - 12- a **agro-industria**; son os sectores que potencialmente hai que desenvolver.
  
- Finalmente, **é necesario implicar á universidade galega na dinámica do desenvolvemento económico de Galicia.** A necesaria procura da excelencia no contexto do Plan Bolonia, requirirá de esforzos financeiros públicos adicionais, que moi ben poden imbricarse no obxectivo de incrementar o número de investigadores en Galicia no **desenvolvemento dos nosos sectores estratéxicos antes citados.**

**1C)** A terceira liña de actuación que o goberno impulsará para incrementar a competitividade da economía galega **é o fomento da internacionalización das empresas galegas.**

A realidade que subxace aos datos estatísticos é:

- A empresa media galega vende o 76% da súa facturación en Galicia, o 18% no resto de España; **e tan só un 6% no exterior.**

- O 70% das empresas galegas con máis de 10 traballadores non están internacionalizadas, polo que **só o 30% está operando no exterior** (pese a proximidade e relacións de intercambio con Portugal).

O goberno **porá en marcha un conxunto de accións dirixidas á internacionalización das empresas galegas**, e centradas na **concentración nun único departamento especializado** as accións de promoción exterior da empresa, **dentro do Igape** (actualmente están repartidas entre economía e industria).

**1D) Fomento do emprego e a actividade emprendedora.** A cuarta liña de actuación é o relacionado co **fomento do emprego e da actividade emprendedora**.

Creemos imprescindible e urxente, dada a situación do noso mercado laboral, elaborar un **PLAN AUTONÓMICO DE EMPREGO PARA A LEXISLATURA**, que contemple os mecanismos e recursos necesarios para:

- potenciar e **facilitar a inserción laboral dos desempregados**, en particular **dos colectivos con maiores dificultades**;
- **modernizar o servizo público de emprego**
- establecer **accións mixtas de formación e emprego**
- establecer **medidas para mellorar a calidade e a estabilidade laboral**
- establecer **medidas que melloren a seguridade no emprego**.

Desde esta filosofía, o goberno adoptará **medidas para a simplificación dos procedementos administrativos que soportan os novos emprendedores**; apostará de modo decidido polo **capital risco** e o **capital “semente”**; e **fomentará a vocación emprendedora en Galicia** dando a coñecer a realidade da empresa **nos centros educativos**.

**1E) Utilización de políticas tributarias autonómicas:**

Actualmente España (e por tanto Galicia) manteñen importantes diferencias na imposición respecto doutros países. O Imposto de Sociedades, por exemplo, ten **unha taxa nominal en España do 30%**, e **do 25% para PEMES**. Portugal, país veciño, ten unha taxa nominal no Imposto de Sociedades do 25%, e unha taxa reducida para as PEMES da metade ( 12,5%). Outros países da UE, coma Irlanda, cunha taxa nominal no IS do 12,5%, compiten con taxas fiscais aínda máis baixas.

**Galicia**, como é ben sabido, **non conta**, nin é previsible que conte a medio prazo, con **capacidade recadatoria** ou normativa **sobre os tributos empresariais**. Pero **si ten**, este Parlamento, **capacidade para propor ou instar unha redución das cargas fiscais** das familias e das empresas galegas ao Estado. **A tal fin o goberno instará ao goberno de España:**

- unha **reducción do tipo do Imposto de Sociedades para as pemes**, que quedaría no **20%**; e un incremento do limiar de facturación para ser considerada PEME: de 8 M€ a 12 M€
- O alivio aos 235.000 autónomos galegos e ás 45.000 PEME's polo reponte da morosidade **incrementando do 5% ao 8% a porcentaxe de provisiones e gastos de difícil xustificación**
- Reducindo a súa carga fiscal, permitindo que **non tributen no IVA as facturas non cobradas**

**Dentro das nosas posibilidades de actuación propoñémonos na próxima lexislatura**, e tal e como anunciamos na campaña electoral, **actuar sobre tres tributos para alixeirar a presión fiscal, incentivar a actividade e o consumo, e contribuír a paliar as dificultades económicas de moitas familias:**

- Unha **rebaixa sobre o tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas** que se concretará, exclusivamente, **no primeiro escalen da tarifa autonómica**, isto é, a que afecta ás **familias cuxa base liquidable é inferior a 17.707€**. A medida **favorecerá a todos** os galegos e galegas que pagan o IRPF, pero **moi especialmente aos 600.000 contribuíntes** con rendas medias e baixas. Unha medida que **beneficiará especialmente ao 54% dos contribuíntes galegos**, máis de **600.000 persoas**, terán cunha **rebaixa efectiva do 8,2% no tramo autonómico** do imposto sobre a renda.
- A **supresión de facto do Imposto de Sucesións e Doazóns** para fillos, cónxuxes e para ascendentes.
- **Reformaremos o Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados**, para **rebaixar ás familias numerosas** (con carácter permanente) e **aos menores de 35 anos** (nos próximos tres anos) que adquiran a súa **vivenda habitual** os tipos impositivos do 7% ao 4% no **Imposto de Transmisións Patrimoniais** (un **43%**); e do 0,75% ao 0,3% (un **50% menos**) no **Imposto sobre Actos Xurídicos Documentados**.

Podo anunciarlles que **a última medida exposta será unha das primeiras que aprobe o goberno**. Non ten senso que hoxe, co stock de vivendas baleiras que hai en Galicia, unha familia numerosa ou un mozo pague en Galicia 6.800€ máis en impostos por adquirir unha vivenda media (180.000€) que na rexión de Murcia.

## **2.- INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE E MOBILIDADE**

Señorías, o segundo gran eixo de actuación que forma parte do Plan Estratéxico da Economía Galega para a Lexislatura é o **relativo ás infraestructuras de transporte e de mobilidade**.

**As infraestructuras do transporte son un elemento clave para a competitividade da nosa economía, para a calidade de vida dos galegos e para a cohesión, vertebración e reequilibrio territorial de Galicia.**

No caso de contar co apoio maioritario desta Cámara, comprométome a **que todas as actuacións en materia de infraestructuras:**

- **Estean ao servizo dunha concepción estratéxica do país,** pensando na competitividade da nosa economía e no benestar dos galegos a longo prazo.
- **Teñan como obxectivo prioritario a mellora da mobilidade.**

Como **principais accións** en materia de infraestructuras, o programa que someto a súa consideración inclúe as seguintes medidas:

- **Nos 100 primeiros días de Goberno aprobaremos un Plan de Infraestructuras con horizonte de execución 2015.** Neste plan estarán incluídas a totalidade das actuacións previstas no Plan Galicia que se porán en servizo, no que se refire ás actuacións de competencia autonómica, antes de finalizar a lexislatura.
- **Xestionaremos a transferencia da titularidade das autoestradas do Atlántico e do tramo Santiago-Dozón da autoestrada Santiago-Ourense.** No caso da AP-9 realizaremos unha reformulación total do deseño da autoestrada.
- **Crearemos a Axencia Galega de Estradas, suprimindo con esta medida 3 organismos** (nela integranse a Dirección Xeral de Obras Públicas e as sociedades SPI e ACEOUSA). A axencia configurarase como un **Organismo Público da Administración Autonómica.**

- Crearemos o **Consortio de Transportes de Galicia, integrado pola propia Xunta de Galicia, os Concellos, as Deputacións e o Ministerio de Fomento**, para apostar de xeito definitivo polo **desenvolvemento** coordinado do **transporte público**.
- No ámbito metropolitano e dos núcleos intermedios, poremos en marcha **plans de transporte metropolitano**.
- Comprometémonos a **tramitar e aprobar o resto de plans sectoriais das grandes cidades (é dicir, Vigo, Ourense, Lugo e Pontevedra)**, así como plans de mobilidade para **todas as áreas urbanas intermedias**.
- **Calquera actuación de nova infraestrutura de estradas, se vinculará a unha análise profunda e rigorosa da mobilidade da zona, e de cada zona coas demais infraestructuras e co conxunto de Galicia.**
- **O presuposto en infraestructuras de transporte elevarase desde o 0,85% ao 1% do PIB (cómpre lembrar que en 2007 baixou ata o 0,78%).**
- **O presuposto en mantemento, xestión e conservación da rede será como mínimo do 3% do seu valor patrimonial.**

**Saudamos o cambio no Ministerio de Fomento** e a nova actitude do Goberno que espero non se deba a escaseza de presupostos para investir en Galicia. **Non seremos cómplices de máis atrasos pero si seremos leais con un calendario realista da execución das infraestructuras no que se inclúa a inversión presupostada para Galicia e non gastada** nos últimos anos do Goberno socialista en Madrid.

É necesaria a cooperación. Pedireille ao novo Ministro que, en cumprimento de senllas mocións aprobadas polo Congreso dos Deputados e o Parlamento de Galicia, proceda a **convocar a subcomisión de infraestructuras creada no seo da Comisión Bilateral Administración Xeral do Estado-Xunta de Galicia**.

Unha colaboración que espero se estenda máis aló do ferrocarril, e inclúa previsións e prazos para as obras en autoestradas, portos e aeroportos que o Estado ten planeadas en Galicia.

O ferrocarril non se limita, obviamente, á alta velocidade. Por iso estimamos que é esencial que a súa promoción inclúa **todas as posibilidades que ofrece este medio; tanto no longo percorrido, como no transporte de proximidade/media distancia; ou de**

**mercadorías. Nós** apostamos por potenciar os tres ámbitos indicados, sen esquecer ningún.

### **3.- ORDENACIÓN DO TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE.**

O desenvolvemento sostible de Galicia é a terceira **prioridade estratéxica** para a Lexislatura. O noso patrimonio natural é a base sobre a que se debe sustentar o crecemento equilibrado da nosa economía e a nosa calidade de vida.

O goberno impulsará políticas que, considerando o conxunto do territorio de Galicia como un único espacio, como unha grande CIDADE ÚNICA, se centre na súa ordenación e no seu desenvolvemento harmónico e racional, de xeito que se garanta a súa sostibilidade.

Entre as **principais responsabilidades que asumimos** no eido das políticas de ordenación do territorio e do medio ambiente **quero destacar** os seguintes compromisos:

- Aprobar as **Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan do Litoral nos primeiros seis meses** desde a toma de posesión do novo goberno, garantindo a participación dos concellos e os axentes sociais.
- Impulsar a creación das áreas metropolitanas, comezando nunha primeira fase pola **Area Metropolitana de Vigo** e continuando pola de **A Coruña**.
- Impulsar **o planeamento municipal**. Para elo é **necesario desbloquear e acelerar a aprobación dos plans xerais, e os plans de desenvolvemento**.
- Elaborar o **Catálogo de Paisaxes de Galicia**, formulando os primeiros proxectos e programas de recuperación paisaxística así como de imaxe urbana para as nosas vilas.
- Deseñar unha **nova Estratexia de Desenvolvemento Sostible**, co obxectivo de que o patrimonio ambiental galego de riqueza e diversidade extraordinaria, sexa usado racionalmente como **capital** que é da nosa sociedade.
- **Aprobar, no prazo máximo de seis meses, un novo Plan de Residuos Sólidos Urbanos (RSU)**, con obxectivos concretos de **reducción, reutilización e reciclaxe de residuos urbanos**, e contemplará a **construcción de novas instalacións para a xestión dos RSU** complementarias da planta de Sogama en Cerceda, actualmente saturada.
- **Sanear tódalas rías galegas acelerando a tramitación e construcción das depuradoras pendentes**.

Así mesmo, con transparencia e o debido respecto institucional, o goberno promoverá o **traslado de ENCE**, dentro da **comarca pontevedresa**, co fin de recuperar ambientalmente a fachada marítima da marxe esquerda da ría de Pontevedra.

#### **4.- SECTORES PRODUCTIVOS**

O **desenvolvemento equilibrado e sostible** de Galicia implica tamén a necesidade de **actuar en todos os nosos sectores productivos**. Para iso cómpre **traballar na competitividade do sector primario** (a agricultura, a gandería e a pesca).

##### **4a.- Medio Rural**

O **Medio Rural comprende a meirande parte do noso territorio**. A **súa importancia** desde o punto de vista medio ambiental, económico e social **é innegable**.

**Quero expresar aquí a miña admiración pola xente do agro**. Os **agricultores e os gandeiros, son empresarios que traballan sen contar as súas horas**, e que moito máis que ningún outro sector económico, **teñen que adaptarse ao clima, ao mercado, e ás regulacións**. Estas circunstancias específicas fan que estea **máis que xustificada unha especial atención dos poderes públicos a este sector**.

A **revisión das perspectivas financeiras na Unión Europea no horizonte do ano 2013**, é un dos retos principais a que nos **enfrentamos a medio prazo**.

Algunhas das liñas mestras desta política serán as seguintes:

- **Fomentar as relacións interprofesionais, en particular impulsando os contratos homologados entre produtores e industria.**
- Favorecer as **políticas de fomento da calidade, a agricultura ecolóxica, a trazabilidade e a diferenciación dos produtos** como sistemas para gañar valor nos mercados
- **Adequar o dimensionamento das explotacións, favorecendo a concentración de terra agraria e o aproveitamento de terras agrarias en desuso ou infrautilizadas**

No **sector forestal, a loita contra os incendios forestais** será unha das **principais preocupacións**, cunha **política seria de prevención**, plans de actuación eficaces e adecuada dotación de medios.

Ademais, imos impulsar a plena recuperación das superficies queimadas polos incendios que asolagaron Galicia hai tres anos, e fomentar o **aproveitamento da biomasa dos subproductos forestais** e ordenar e concentrar as parcelas forestais será outro obxectivo específico.

**Imos convocar inmediatamente aos interlocutores sectoriais da produción e da industria, e imos elaborar un plano estratéxico de urxencia, de aquí ata o 2015, ano no que finaliza o réxime de cotas lácteas.**

Somos plenamente conscientes de que a crise do sector leiteiro ten un **ámbito que excede con moito o de Galicia**, posto que estamos con tódalas consecuencias nun mercado único, e por este motivo **pediremos a colaboración**, na elaboración e na execución deste plan, **das Administracións Central e Comunitaria.**

#### **4b.- Pesca.**

Señorías, Galicia é un país eminentemente marítimo.

Para elo **propoñémonos**, desde o punto de vista organizativo, **crear unha Consellería do Mar** que facilite unha **xestión integrada e coordinada dos asuntos relacionados coa pesca e o mar.**

Unha **Consellería que impulsará**, entre outras, as seguintes **liñas programáticas**:

##### **i.- Na pesca de gran altura.**

**Obxectivo é o mantemento da flota comunitaria de propiedade galega e a preservación dos intereses pesqueiros galegos en terceiros países.**

##### **ii.- Na pesca de altura**

Galicia ten as condicións para converterse nun gran **centro de contratación e comercialización de pesca de altura**, á vez que **mantén a súa cota actual de pesca.**

O **obxectivo** sería **completar o ciclo**, dende a **extracción ao consumidor**, pero ten necesariamente que tratarse por fases, e a primeira sería situar os **productos nos grandes centros de distribución nacional.**

##### **iii.- Na pesca de baixura**

Galicia ten necesariamente que **potenciar a diferenza competitiva da alta calidade da súa pesca de baixura.**

**É necesario realizar una ordenación e xestión dos recursos nas augas da nosa competencia, seguindo os principios das organizacións internacionais e da UE; fundamentalmente baseados na pesca responsable e na sostibilidade dos recursos.**

Tamén cómpre **animar ás confrarías e organizacións de produtores** para que constitúan **empresas comercializadoras** dos produtos de baixura.

#### **iv.- Na acuicultura.**

Galicia debe **consolidar** a produción actual e, **potenciar nas súas rías novos sistemas e produtos,**

Para elo impulsaranse, entre outras medidas:

- A **dotación** para os produtos da acuicultura dunha **marca común** como produtos do mar de orixe galega.
- A **ordenación de usos do litoral terrestre e mariño** para facilitar **novas instalacións** de acuicultura sostibles e xeradoras de emprego e riqueza.
- A **transformación do marisqueo nunha actividade de acuicultura en sentido estricto.**

#### **v.- Na transformación dos produtos do mar:**

Para elo é preciso **apoiar institucional, financeira e cientificamente ao sector da transformación** para lograr a incorporación nas industrias galegas de tarefas con maior valor engadido, co fin **de minimizar os efectos da deslocalización** industrial progresiva das tarefas intensivas de man de obra.

#### **4c.- ENERXÍA:**

Nós **seguiremos apostando** decididamente polas **enerxías renovables.** Estamos convencidos de que é **unha das maiores contribucións que podemos facer para lograr un desenvolvemento sostible.**

Temos que recuperar para Galicia a **posición de liderado** que tradicionalmente ostentamos no eido da **enerxía eólica.**

**Analizaremos e revisaremos** o procedemento do **concurso eólico,** para **garantir a súa adecuación á legalidade.**

Así mesmo tamén apostaremos polo **gas** como unha das enerxías estratéxicas para acadar a máxima competitividade da nosa economía,

o que esixirá a planificación das redes galegas de transporte primario e secundario de gas.

#### **4d.- COMERCIO E TURISMO.**

A importancia do **Comercio** na economía e na sociedade das nosas vilas e cidades está fora de toda dúbida: **pola súa relevancia económica (o comercio representa aproximadamente o 13% do noso PIB)** e da emprego a máis de 100.000 persoas; e, desde un punto de vista urbanístico, polo papel dinamizador e conservador que ten das nosas vilas e cidades e dos seus centros históricos.

**Aprobaremos con urxencia un Programa de Medidas para combater os efectos da crise** no comercio galego, centrado na adecuación dos produtos financeiros ás necesidades das empresas do sector.

O **Turismo** é outro dos sectores estratéxicos para o futuro de Galicia. Actualmente representa xa en torno ao 12% do noso PIB, e ocupa ao 13% da poboación activa galega.

Compre, pois, **actuar decididamente** para acadar os **seguintes obxectivos**:

- Recoñecemento e **potenciación do sector turístico** como un **motor esencial da economía galega**.
- Neste senso, temos que **sacar o máximo proveito** da oportunidade que para nós representa a celebración do **Ano Santo en 2010**. O **Xacobeo** pode e debe **converterse nun dos principais instrumentos sobre os que asentar a nosa recuperación económica**.
- Considerar a Galicia como unha **unidade de destino turístico**, aunando baixo unha **única marca** a promoción do turismo de Galicia que integre os valores culturais, naturais e humanos da nosa terra, como sinal de identidade diferenciadora.
- Considerar o turismo como un instrumento que posibilita o **equilibrio territorial costa-interior**, mediante un **programa de axudas** destinado á municipios de interior de menos de 5.000 habitantes.
- Considerar que a **cualificación profesional no eido turístico** é o **primeiro paso para un sector de calidade**, potenciando as ensinanzas vinculadas ó turismo nos distintos niveis.

#### **5.- A REFORMA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA AUTONÓMICA.**

O quinto, e último, eixo estratéxico do noso plan de reformas da economía galega refírese á **mellora da eficacia e da eficiencia da nosa Administración Pública**.

A Administración Pública galega, e os seus empregados, **téñense que converter na vangarda da dinamización e dos cambios que o país necesita.**

A Administración Pública ten, máis aínda en tempos de crise, que dar **exemplo de austeridade e de racionalidade no gasto público.**

O goberno **promoverá a reforma** da nosa Administración, **buscando o máximo consenso entre os representantes dos funcionarios e traballadores públicos**, que avance cara ao obxectivo de mellorar a eficacia e a eficiencia do sector público autonómico en varias dimensións:

- En primeiro lugar, na **organización**: Hai que avanzar na **simplificación das estruturas da Administración Xeral**. Non se trata só de reducir o número de Consellerías nun 25% e pasar de 52 Altos Cargos provinciais a 5. Cómpre tamén redefinir e redimensionar a Administración institucional. Neste senso o goberno presentará ante esta Cámara un **proxecto de lei que defina, sistematice e regule o modelo organizativo do sector público autonómico.**

Pero tamén hai que **simplificar procedementos**, reducir o tempo de resposta, e mellorar a **eficacia na atención ás demandas dos cidadáns.**

- En segundo lugar, nos **medios**: É preciso introducir as **novas tecnoloxías**, sen esquecer a necesaria **formación dos empregados públicos** para a optimización dos novos medios materiais.
- En terceiro lugar, hai que acometer unha reforma dos procedementos de gasto e de control do gasto.

### **II.3 PLAN DE CHOQUE**

Os cinco eixes que lles acabo de expor compoñen as liñas estratéxicas nas que o goberno traballará a fin de mellorar a competitividade da nosa economía durante a lexislatura.

Pero, como xa lles avancei, consideramos que a **crítica situación actual** esixe a **inmediata posta en marcha dun plan de choque para a reactivación da economía galega.**

**Un plan de choque, en definitiva, que teña efectos inmediatos.**

O **primeiro e inmediato paso** que daremos para a posta en marcha dese Plan de choque é **axustar o orzamento en vigor á realidade.**

Dito proceso, obviamente, virá xa condicionado pola nova estrutura da Xunta: unha estrutura máis reducida e simplificada (coa redución de consellerías e direccións xerais); e máis austera (coa redución de altos cargos e dos gabinetes).

O **segundo paso, tamén inmediato**, será o de **analizar e concretar as marxes presupostarias** coas que o goberno entrante se atopará.

**Lembremos que os vixentes orzamentos están fundamentados sobre unha previsión de crecemento económico do 1,3% para 2009 claramente irreal**, máxime cando o propio Banco de España acaba de anunciar que **España reducirá o seu PIB nun 3% en 2009**.

Finalmente, **haberá que analizar ao detalle cal está sendo a evolución dos ingresos tributarios**;

O que procede é reaxustar e redefinir o documento orzamentario en función das necesidades reais da nosa economía.

A partir do antedito, o **plan de choque** para a economía galega artellarase en torno ás seguintes actuacións:

- Avanzaremos un **vigoroso programa de inversión en infraestructuras públicas**.
- Segundo, presentaremos un **plan de vivenda que axude a resolver o exceso de stock existente** e permita á vez **dar resposta ás demandas e necesidades de vivenda pública**.
- Terceiro, deseñaremos e proporemos **actuacións decididas que permitan paliar o problema do financiamento das empresas galegas**.
- **O plan de choque terá, a súa vez, que destinar recursos para a mellora do capital tecnolóxico e humano**.
- E, finalmente, **o plan deberá incluír medidas concertadas cos axentes sociais que permitan superar, as inercias e ineficiencias detectadas nas políticas de promoción do emprego nas que, non parecen estar dando os resultados que cabería esperar**.

En definitiva, propoñémonos **poñer en marcha**, no prazo máis breve posible e **dentro do presente exercicio** presupostario, un **conxunto de medidas orzamentarias que contrarresten os efectos da crise**.

Non podemos rematar, pola súa evidente conexión coa cuestión que acabamos de tratar, sen referirnos á cuestión da **reforma do sistema de financiamento autonómico**.

Como é ben coñecido, o 30 de decembro do pasado ano o Goberno Central remitiu ás CCAA unha proposta.

A proposta artéllase arredor dunhas ideas que, nun plano filosófico, todos compartimos. O problema chega, como sempre, á hora de traducir os principios filosóficos á práctica. O “quid” da cuestión céntrase unha vez máis no **custo real de prestación dos servizos transferidos**, e a necesidade de que eses servizos públicos podan ser prestados en **igualdade de condicións en todos os territorios**.

Na proposta do Ministerio, ademais de garantirse, coma sempre se fixo, o “statu quo”, a maior parte dos recursos pasan a distribuírse en termos de **poboación axustada** e da súa evolución a partir dunha data determinada porque debe terse presente que a **evolución da poboación axustada** nos sucesivos anos, a partir do ano base do novo modelo, condúcenos paulatinamente a **unha perda sucesiva dos recursos** que o modelo proporcionaría a nosa Comunidade.

Diante desta situación, **xa lles anuncio** que o goberno **solicitará o apoio dos grupos representados nesta Cámara co fin de que Galicia non saia prexudicada** no novo sistema de financiamento autonómico.

Señorías, **remato o tempo dedicado** á presentar as ideas e actuacións que conforman o **noso programa económico**.

E paso xa a referirme ao **segundo bloque** programático, o **referido ao benestar**.

### **III- BENESTAR**

#### **III.1: INTRODUCCIÓN**

Señorías, compartimos as **arelas da inmensa maioría dos galegos**, que queren vivir nunha **sociedade máis xusta, máis igualitaria, máis libre, e máis solidaria**.

E por elo **traballaremos seria, e responsablemente**, na mellora do **noso sistema de benestar**.

**Nós cremos na Autonomía política, dentro dunha España que garante constitucionalmente a solidariedade entre as persoas.**

A actual crise económica chega nun momento no que o sistema de benestar de Galicia, ao igual que o do conxunto de España, aínda non están plenamente desenvolvidos: son moitos os problemas que quedan por atender.

**Os principios que orientarán transversalmente as políticas de benestar do goberno** poden resumirse nos tres seguintes:

- **As políticas sociais deben estar dirixidas a apoiar integralmente á todas as familias.**

**As políticas de benestar son, fundamentalmente, políticas de igualdade.**

- **As políticas de benestar deben ser eficientes, para subministrar servizos públicos de calidade para todos.**

### **III.2.- FAMILIA**

---

Como é ben sabido, España é, no contorno da Unión Europea, o país que menos apoio público outorga ás familias: un 0,7% do seu PIB. Tres veces menos ca media da UE (2,1%), e moi afastada dos países máis desenvolvidos.

Impulsaremos unha nova política de apoio ás familias galegas.

E farémolo desde o diálogo e a concertación cos representantes das asociacións familiares e os axentes sociais, mediante a constitución dun **Consello Galego de Política Familiar**.

Diálogo e concertación que terán, como obxectivo prioritario, a elaboración no prazo dun ano dun proxecto de **Lei de apoio ás familias galegas**, que trate de **xeito integral** todas as posibilidades de apoio e axuda que desde a Administración se poden facilitar ás familias.

### **III.3. VIVENDA**

---

A política de Vivenda do goberno, como xa se avanzou, atenderá a un triplo obxectivo:

- **Axudar** a resolver os problemas que **as familias e os mozos** teñen para acceder a **unha vivenda**;

- **Contribuír á reactivación dun sector** do que depende o traballo de moitas persoas en Galicia;
- **E mellorar o stock de vivendas de Galicia**, non só en cantidade, senón tamén en calidade.

Para elo, ademais das iniciativas fiscais xa expostas o goberno impulsará outras medidas entre as que quero destacar as seguintes:

- **Impulsaremos a sinatura dun Acordo entre a administración e todos os actores do sector inmobiliario** (promotores, entidades de crédito, colexios de notarios e rexistradores da propiedade), **que propicie a saída ao mercado do stock de vivendas existente en Galicia no curto prazo**, a través de diferentes fórmulas de acceso, e cun compromiso de **prezos máximos**.
- Paralelamente, investirase na **adquisición de vivendas a prezo taxado** co mesmo obxectivo de reducir o stock de pisos baleiros.
- Impulsaremos **programas específicos de vivenda en aluguer, de vivenda en aluguer con opción de compra**, e impulsaremos a **construción de VPO** alí onde a demanda o faga racionalmente necesario.

#### **III.4. EDUCACIÓN**

A **situación** da educación en Galicia, como xa describín anteriormente, **esixe** que o próximo goberno propicie unha **reforma baseada nun amplo consenso**, nun **Pacto Social pola Educación**.

Este consenso debería cristalizar na **aprobación dunha Lei da educación non universitaria en Galicia**, que **permita adaptar o noso sistema educativo ás necesidades do noso país**.

O **Pacto Social pola Educación** deberá contemplar tamén outros **obxectivos**:

- **Avanzar na calidade do sistema**.
- **Recuperar a convivencia nos centros, a dignidade da profesión docente e a responsabilidade, tanto dos alumnos como das familias**, na esencial labor de educar aos máis novos.
- **Impulsar a reforma da Formación Profesional**, para convertela no instrumento de acceso ao emprego.
- **Reestructurar a ensinanza das linguas**, co ambicioso **obxectivo** de que todos os que sigan o currículo formativo en Galicia **acaben sendo trilingües**.

- Aprobar consensuadamente, entre a Administración e as Universidades, pero tamén coas demais forzas políticas e representantes sociais, o **mapa de novas titulacións** que permita as institucións universitarias integrarse con garantías no Espacio Europeo de Educación Superior.

### III.5.- SANIDADE

**O compromiso do PPdeG, e o meu propio, coa sanidade pública galega vén de longo**, desde que conseguimos que o Estado lle transferise a Galicia os servizos do Insalud.

**Hoxe quero renovar e incluso reforzar o noso compromiso coa sanidade pública galega. O compromiso cunha sanidade pública eficaz e de calidade.**

Quero destacar brevemente algunhas medidas que impulsará o novo Goberno:

- **En relación cos usuarios:**
  - Aprobaremos a **Lei de garantías de prestación** e a **carteira de servizos do Sergas**, establecendo máximos de demora de 45 días para probas diagnósticas e 60 días para intervención cirúrxica.
  - Priorizaremos a atención a pacientes sen diagnóstico
  - Garantiremos a “espera cero” en pacientes con cancro e outras enfermidades moi graves.
  - Crearemos unidades de atención integral á muller
- **En relación cos profesionais** da sanidade pública, garantiremos unha política de persoal que impulse a estabilidade laboral, a **promoción profesional**, e un novo sistema de retribucións axeitado ao entorno do sistema nacional de saúde.
- **E en relación coa mellora da xestión**, os nosos esforzos prioritarios dirixiranse, a formar equipos directivos con experiencia e, a garantir a sostibilidade financeira do sistema.
- En relación cos investimentos en infraestruturas, será prioritario para o goberno :
  - Rematar coas obras do novo **Hospital de Lugo**, que acumula un atraso importante.
  - Construír os novos hospitais de Vigo e tentar Pontevedra.

- Finalizar coas obras pendentes dos plans directores do CHU A Coruña; do Hospital de Ferrol; do Hospital de Ourense; e do Hospital do Salnés
- Retomaremos o plan de construción e renovación de centros de saúde

### **III.6 DEPENDENCIA**

Como xa dixen anteriormente, **de todas as iniciativas legislativas aprobadas** nos últimos tempos en España, **poucas** como a **Lei da Dependencia acadaron tanto consenso**, e **poucas xeraron tanta decepción e frustración**.

**É imprescindible**, pois, **mellorar a xestión para garantir o pago das prestacións** ás que os dependentes galegos teñen dereito. **Neste senso**, nós comprometémonos:

- A que os 16.000 grandes dependentes cobrarán as axudas da Lei de Dependencia antes de rematar o ano.
- A non gastar un só euro en publicidade da dependencia e destinar todos os cartos á súa mellora.
- **A desenvolver unha rede de atención primaria á dependencia, de ámbito municipal**, que ofrecerá asistencia a domicilio, teleasistencia, alimentación e centros de día. O **obxectivo** pasa por dotar de, polo menos, **un centro de día a cada concello de máis de 1.500 habitantes**.
- Tamén se creará unha **rede de atención especializada de residencias** (co horizonte de que cada comarca conte, como mínimo, cunha residencia de maiores) e de centros especializados de referencia para toda a Comunidade Autónoma, tanto para enfermos de Alzheimer, como para persoas con discapacidades psíquicas.
- Todas estas medidas enmarcaranse nunha estratexia de **maior coordinación entre os recursos sociais e sanitarios**.

### **III.7.- EMIGRACIÓN**

O **firme e contrastado compromiso co benestar dos galegos residentes no exterior vai ter continuidade nesta lexislatura**.

**No plano económico** levamos xa varios anos **reivindicando á incorporación dos custos da atención á emigración galega no sistema de financiamento autonómico**, para poder atender mellor ás necesidades dos galegos residentes no exterior.

**E no plano institucional, temos esixido a adopción de medidas que garantan a transparencia e o respecto á vontade democrática dos emigrantes.**

**Por desgracia esas medidas aínda non foron aprobadas, e hoxe o dereito ao voto dos galegos que residen no exterior está lonxe de ser exercido coas debidas garantías democráticas.**

**Nós seguiremos esixindo que os galegos do exterior voten nas mesmas condicións e coas mesmas garantías democráticas que os que vivimos aquí. Por iso, unha das primeiras demandas que levarei ao meu primeiro encontro co Presidente do Goberno de España será a urxente implantación do voto en urna ou do voto telemático para os españois residentes no exterior.**

Máis aló desta esixencia democrática, quero salientar que o goberno dará un novo pulo ás políticas autonómicas aplicables á emigración, con medidas como:

- **Recoñecemento dos dereitos sociais e sanitarios, particularmente o de recibir a tarxeta sanitaria nas mesmas condicións que os residentes en Galicia.**
- **Ampliación da rede educativa galega no exterior.**
- **Impulso ás medidas tendentes a facilitar o retorno.**

### **III.9.- DEPORTE, E IGUALDADE HOME-MULLER**

**Remato, señorías, a exposición do noso programa de benestar referíndome a dúas áreas da acción do goberno que resultan, para quen lles fala, de especial querencia e importancia**

**Refírome ao Deporte e ás políticas de promoción da igualdade entre o home e a muller.**

**Investir en deporte é investir en saúde, e na creación de hábitos de comportamento social que resultan beneficiosos para todos: a necesidade de cooperar, a cultura do esforzo e a superación son circunstancias que están implícitas en toda actividade deportiva.**

**Por elo, o Deporte ocupará unha especial atención, que se marcará o obxectivo de completar a dotación de instalacións deportivas que Galicia precisa:**

- **Unha instalación deportiva múltiple, nunha primeira fase, en todos os concellos maiores de 25.000 habitantes.**

- **Garantindo** a existencia dunha **instalación deportiva próxima** a todos os cidadáns, a non **máis de 30 minutos de distancia** do seu fogar, centro de traballo, ou centro de estudo.

Isto **sen esquecer o necesario impulso e apoio ao deporte de alta competición**, que tantas boas novas ten proporcionado aos galegos nos últimos anos.

Do mesmo xeito, **o benestar de todas as mulleres, e tamén o de todos os homes de Galicia, dependerá** de que **saibamos continuar avanzando pola senda da igualdade** entre homes e mulleres. Porque pese **aos moitos avances** que se teñen producido no terreo da igualdade home-muller a **realidade dista de ser a que sería desexable**.

En particular, **as condicións laborais e salariais das mulleres son**, con frecuencia, **peores** cás dos homes: **maiores taxas de contratación temporal, maior dificultade de acceso ao mercado de traballo, múltiples barreiras na súa promoción...** Estas diferencias aprécianse incluso nos seus salarios, inferiores en termo medio aos dos varóns.

Síntome particularmente comprometido coa participación da muller nos mercados laborais en plena igualdade. **Por elo, o goberno impulsará a igualdade salarial, excluindo das axudas públicas ás empresas que discriminan salarialmente ás mulleres.**

## **IV.- AUTOGOBERNO E CULTURA**

Señoras e señores deputados, referireime a continuación ao programa en materia de Autogoberno.

E quero facelo **enfaticando unha das ideas** que van **inspirar a executoria** do novo Goberno. Refírome **á necesidade de trasladar ao debate político as prioridades que latexan na cidadanía**, resistindo a tentación de substituír a Galicia real por outra imaxinaria.

Neste senso, é claro que a gran maioría dos galegos entenden que **a pertenza de Galicia á democracia española é unha garantía da súa autonomía**; que ademais reforza vencellos humanos, culturais e económicos que se remontan aos máis lonxanos tempos da historia. **Así o ve maioritariamente a nosa sociedade**, e así o ve tamén quen

solicita de vostedes o apoio á investidura para presidir a Xunta de Galicia.

Quero reivindicar aquí o principio de eficacia. **O autogoberno non é un fin, senón un medio que nos procura unha mellor xestión dos asuntos públicos**, unha atención máis próxima aos cidadáns, unha defensa mais firme dos nosos intereses, unha participación mais intensa na política de Estado e, en definitiva, un benestar maior dos galegos.

Esquecer eses cometidos nos conduciría a unha devaluación da autonomía e ao seu progresivo alonxamento do país.

Desas dúas bases elementais que veño de formular, dedúcese a necesidade de cambiar ese discurso que mide o grao de compromiso autonomista só co baremo da reclamación, e non coa da boa xestión das competencias que xa se teñen; co seu exercicio coordinado co Estado, os poderes locais, e a Unión Europea; ou co bo funcionamento das institucións autonómicas xa existentes.

Porque **o autonomismo permítenos**, en perfecta síntese, **desfrutar con naturalidade das nosas identidades**: sentímonos galegos, e por elo tamén españois, e por elo tamén europeos.

Son, en consecuencia, tres as liñas de actuación que o goberno se marcará en materia de autogoberno:

1. As relativas **á reforma do marco estatutario** e competencial;
2. As relativas as **institucións do noso autogoberno** e a **súa reforma**
3. E as relativas as **relacións institucionais** e a **acción exterior de Galicia**.

#### **IV.1.- ESTATUTO E COMPETENCIAS**

O meu grupo político ten dabondo demostrado o seu compromiso co desenvolvemento e consolidación do vixente Estatuto de Autonomía.

Hai catro anos consideramos que o actual Estatuto podía e debía ser mellorado.

**A reforma frustrouse**, e considero que non sería bo, se en verdade hai intención de retomar os traballos da reforma, que nos enfrontásemos no debate das causas daquela frustración. Porque non estaríamos de acordo, e só contribuiría a dificultar a reforma.

Ao igual que entón, **nós estamos dispostos a participar activamente** na reforma da nosa institucional básica.

**Presentaremos desde o Goberno** unha **completa iniciativa de reforma** do Estatuto de Autonomía de Galicia.

En todo caso a forma non vai ser un obstáculo. Eu estou disposto a conversar cos novos líderes dos outros grupos parlamentarios coa finalidade de atopar a mellor das rutas cara a reforma estatutaria.

Unha **reforma** estatutaria que, lembro, terá que **respectar a LEGALIDADE CONSTITUCIONAL**, tanto a letra como o espírito da Constitución de 1978, e polo tanto, **o conxunto do bloque de constitucionalidade** que inclúe a **xurisprudencia do Tribunal Constitucional**. A tal efecto, a **sentencia** do intérprete supremo da Constitución sobre o recorrido **Estatuto de Autonomía de Cataluña** será **especialmente relevante**.

En **relación co desenvolvemento competencial**, quero sinalar que o **goberno** vaille dar **continuidade ás demandas competenciais** que, co apoio unánime desta Cámara, o **goberno bipartito presentou perante á Administración do Estado na pasada lexislatura**.

#### **IV.2.- AS INSTITUCIÓNS DE AUTOGOBERNO E A SÚA REFORMA**

Señorías;

Como líder dunha forza que acaba de pasar pola oposición son ben consciente da importancia que ten o bo funcionamento das institucións para o desenvolvemento ordinario do sistema democrático.

As institucións galegas, en liñas xerais, teñen amosado un bo rendemento. Mais nós pensamos que algunhas necesitan unha reforma para a súa adecuación ás novas realidades sociais.

En **primeiro lugar**, comparto a necesidade, de reformar o regulamento do **Parlamento**, coa finalidade de reforzar a súa centralidade na vida política da Comunidade Autónoma; e reforzar a participación cidadán a través do recoñecemento da iniciativa lexislativa aos interlocutores dos poderes locais de Galicia.

En **segundo lugar**, é preciso actuar con urxencia para atallar o estado no que se atopa a **Administración de Xustiza** en Galicia.

A Administración de Xustiza en Galicia **precisa** que tomemos **decisións para acadar os obxectivos** de que sexa:

- **Moderna e eficaz**, mediante a posta en marcha da nova oficina xudicial; e tecnolóxicamente avanzada, coa implantación e o desenvolvemento de novas utilidades informáticas.
- Una **Xustiza participada**, mediante a creación dun Foro ou Observatorio permanente da situación da Xustiza en Galicia.
- Unha **Xustiza transparente**, que aproveite as posibilidades das **novas tecnoloxías para comunicar** o estado dos **procedementos** e o acceso á información a través dun portal Web.
- E unha **Xustiza**, en definitiva, **máis próxima** ao cidadán, cunha **reordenación dos servizos de atención ao cidadán e ás vítimas dos delitos**.

En **terceiro lugar**, en materia de **Interior e Protección Civil** son prioritarias dúas medidas:

- **Reformar a vixente Lei de Policía Autonómica**, que non chegou a ser aplicada, e **camiñar cara a creación dun corpo propio**, cara ao establecemento dunha carreira policial única que integre ás Policía Local, e cara o artellamento de mecanismos de colaboración cos demais corpos policiais e forzas de seguridade do Estado que operan no noso territorio.
- **Reformar a vixente Lei de Emerxencias**, coa finalidade de atribuír aos concellos e aos voluntarios o protagonismo que lles corresponde.

En **cuarto lugar**, cómpre **reforzar a autonomía municipal**:

- Apostando polo **asociacionismo** entre concellos como xeito de acadar obxectivos conxuntos e incluso como paso previo de posibles fusións de concellos.
- **Reformando a Lei de Administración Local de Galicia**, para establecer, entre outros, o novo catálogo de servizos de obrigado cumprimento; e protocolizar a colaboración entre a Xunta e as Deputacións.
- **Elaborando e aprobando unha Lei de Facendas Locais de Galicia**, que estableza os alicerces cos que poñer fin ao tradicional raquitismo da facenda municipal galega.
- E **desenvolvendo os aspectos máis substanciais do Pacto local**, que se atopa con preto do 85% das súas previsións aínda pendentes.

En **quinto lugar**, é necesario tamén **reformar os medios públicos de comunicación** de Galicia, e convertelos, mediante a **modificación da**

**Lei de creación da CRTVG**, nos medios obxectivos e de calidade que os cidadáns arelan.

A tal efecto quero **reiterar**, unha vez máis, a **miña intención de pactar** cos grupos desta Cámara o **nomeamento do próximo Director Xeral da Compañía**, mesmo sen que a citada reforma teña sido tramitada.

Uns medios públicos de comunicación que, por outra banda, **requiren rematar coa precariedade laboral de moitos dos seus empregados, e elaborar un plan de produción propia** que dea resposta á demanda de contidos que as novas canles xerarán.

### **IV.3.- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E EXTERIORES**

O **peso de Galicia** no debate sobre a articulación institucional do Estado español e na Unión Europea **ten minguado** considerablemente nos últimos tempos. Un **gobierno dividido na súa concepción sobre o modelo de Estado** e de integración europea **dificilmente** podería **traballar conxunta e coordinadamente** no terreo das relacións institucionais e a acción exterior.

Para nós **o prioritario é reforzar** e utilizar plenamente os **existentes mecanismos de cooperación institucional**: tanto co Estado, como coas demais CCAA.

E para elo **propoñémonos**:

- Continuar apoiando, no debate sobre a reforma constitucional do sistema autonómico, **unha reforma do Senado, para convertelo na cámara de representación territorial.**
- **Impulsaremos o funcionamento con carácter ordinario da Comisión Bilateral de Cooperación.**

**É necesario abordar** con rapidez a **elaboración dunha Axenda Estratéxica da Acción Exterior de Galicia** que fixe obxectivos, métodos, instrumentos e recursos.

Nesta liña, a participación de Galicia na Unión Europea desenvolverase en torno aos seguintes **eixes de actuación**:

- Impulso da presenza das CC.AA. no Consello de Ministros, así como nos comités da Comisión Europea.
- Impulso ao traballo de Galicia no Comité das Rexións
- Reivindicación das funcións de autoridade de xestión e de pagamento dos fondos europeos.

- Promoción dun "lobby" galego na Unión Europea; e impulso da actividade da Fundación Galicia-Europa.
- Impulsar a cooperación coa Rexión Norte de Portugal, redefinindo o modelo institucional da Comunidade de Traballo, e a redacción dun plan estratéxico Galicia-Norte de Portugal.

#### **IV.4 LINGUA E CULTURA**

**Remato**, señorías, este **percorrido polas liñas programáticas** que o goberno desenvolverá, **facendo referencia a importante cuestión** da nosa **Cultura e da nosa Lingua**.

A **nosa cultura**, cerne do ser de Galicia, **requerirá** para nós unha **atención primordial**.

Cómpre lembrar que a **identificación da Galicia intelectual coa Galicia popular, xunto cos dereitos políticos do noso pobo, foron os obxectivos polos que loitaron moitos ilustres galeguistas. A todos e a todas elas, o meu máis sincero agradecemento.**

Persoalmente **considero** que o **diálogo** e a **liberdade** son **alicerces fundamentais para asentar a política cultural** dos próximos catro anos. Teño claro que o **papel da Administración**, en materia cultural, debe **centrarse no apoio dos proxectos** e das propostas, na axilización da máquina burocrática, no fomento e na promoción, **nunca no “dirixismo cultural”**. A **iniciativa correspóndelle**, en primeirísimo lugar a **escritores, editores, tradutores, ilustradores, deseñadores, artistas plásticos, cineastas, músicos, actores... aos homes e mulleres que, dun ou doutro xeito, engrandecen a nosa cultura con traballo e ilusión.**

A sociedade galega iniciou unha nova situación política o 6 de abril de 1981, data da entrada en vigor do presente Estatuto de Autonomía. Vintenove anos de profundas transformacións e de avances a favor da personalidade colectiva de Galicia.

Un tempo no que o noso tecido social soubo asumir e assimilar o cerne substantivo do país, o que Vicente Risco consideraba como **“patrimonio identificador”**: pobo, territorio, lingua, cultura e unha historia bimilenaria. É dicir, **“a dimensión temporal de Galicia”**, en acertada definición de Ramón Piñeiro, a quen este ano, moi merecidamente, a Real Academia dedica o Día das Letras Galegas.

Polo tanto, quero reafirmarme unha vez máis, perante esta Cámara, nunha desas grandes realizacións, se cabe, a principal; refírome,

naturalmente, á lingua galega. Fala propia significa identidade. O noso idioma caracterízanos, enriquecéenos e constitúe un dereito de todos os galegos, sen exclusións, independentemente de calquera opción partidista e das estratexias políticas.

Teño moi claro este principio irrenunciabile, e considero que o noso modelo normalizador debe atender á realidade, lonxe de copias e mimetismos alleos, por moi ben intencionados que sexan e veñan de onde veñan. Equivócanse os que pretenden facer do galego un instrumento de imposición, e erran tamén os que consideran a lingua propia como algo subalterno, marxinal.

**A amabilidade lingüística**, o respecto polo que fala cada quen, **imponse sobre os radicalismos estériles**. Será aí, nesa actitude exemplar dos falantes onde haxa que incidir para que ninguén se sinta marxinado ou excluído.

**A cooficialidade, establecida no Estatuto**, exemplo de unidade democrática no esencial, **garanten a expresión, na nosa Comunidade, en galego e en castelán**.

**O goberno respectará este marco legal e promoverá proxectos e plans destinados á defensa e pervivencia, en liberdade, da lingua galega**.

Precisamente por iso o **goberno derrogará o Decreto que regula o galego no ensino**; un Decreto aprobado sen consenso, e coa opinión contraria do Consello Consultivo de Galicia.

**Será substituído por outro, elaborado coa participación e orientación dos expertos e das institucións, coas consultas oportunas, en liberdade**. Un novo Decreto que **terá como finalidade o impulso ao trilingüismo** nos centros de ensino, e o **respecto aos dereitos individuais das familias e dos alumnos**.

<p><b>OFERTA Á CAMARA E Á SOCIEDADE DE TRABALLAR XUNTOS NOS TEMAS DE PAÍS.</b></p>
--

Señoras e señores deputados: **quen hoxe solicita desta Cámara a súa confianza para formar goberno, pertence á xeración de galegos que naceu politicamente coa autonomía**.

Todos eles, todos nós, sentímonos partícipes dunha historia que se perde no tempo, pero sobretudo sentímonos vencellados a un proxecto democrático que fai que esta esquina de Occidente sexa hoxe unha terra fértil para a liberdade.

Despois dos tempos escuros onde, como dicía o poeta, **<todo está por vir e non chega>**, vivimos unha alborada chea de posibilidades, na que camiñamos a carón dos países libres do mundo.

Cando un país é capaz de catalizar a súas enerxías vitais, cando cada muller e home saben cumprir co seu deber cidadán, e cando os dirixentes lembran en cada momento do seu traballo que sigue vixente a máxima de que a democracia é o goberno do pobo e para o pobo; cando esa conxunción de factores se produce, as dificultades son superables.

Sei que ese país existe; é Galicia. Sei que esas mulleres e homes son reais porque están aí fora dando exemplo co seu quefacer silandeiro e anónimo. Sei que este candidato empeñará a súa vida na tarefa de estar á altura da nosa xente: da que nos precede e á que lle debemos o que somos; da que comparte connosco esta etapa da nosa historia; da que no futuro fará que Galicia siga brillando no firmamento das democracias.

**Non lle propono a este Cámara**, nin ao país aquí representado, **un mero cambio de Goberno**. Este programa que veño de presentar **leva consigo un cambio de prioridades**. Abonda con percorrer a nosa terra e escoitar con humildade aos nosos veciños e paisanos para saber qué é o fundamental e qué o accesorio. É doado entender a súa mensaxe. Non queren debates superfluos. Non lles importan as pequenas liortas dun poder endogámico e autista. Non anceian unha Galicia illada de España ou de Europa. Non lles gusta un Goberno que pelexe sistematicamente con outras administracións, senón outro que coopere e colabore.

Cooperaremos, estaremos abertos ao mundo, fuxiremos das querelas e dos debates que esquecen que a misión esencial do político é trasladar o pulso da sociedade á acción de goberno. En definitiva, seguiremos o exemplo deste gran país.

Conclúo, pois, **pedíndolle** aos grupos políticos representados nesta Cámara **o seu apoio** na tarefa de facer un país mellor. Pídolles o seu apoio, **alomenos** naqueles **temas** que, como moitos dos que enumerei na miña intervención, **son de interese xeral para todos e cada un dos galegos e galegas**.

**Confío no noso pobo, nas nosas xentes. Confío na súa forza e na súa resistencia diante das adversidades. Teño fe no seu talento; porque sei do que foi capaz en circunstancias aínda máis adversas que a presente.**

Sei que xuntos, pobo e representantes, encontraremos solucións coas que abrir novos horizontes para a nosa terra.

“Deus fratresque Gallaecia”. Os nosos antergos adoitaban invocar a Deus para saír con ben das súas loitas.

Hoxe volvemos a facelo, aínda que contamos con algo que a eles lles faltaba entón: democracia, autonomía e confianza nas nosas propias posibilidades.

Con esa mesma fe, solicito a confianza deste Parlamento.

Moitas gracias.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2009

---